

PEZA DO MES

decembro

2017



MUÍÑO CIRCULAR
CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE
SANTOMÉ



Muíños *IN SITU*

Muíño circular. Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé

A importancia económica que ten para a sociedade a transformación dos alimentos non se viu reflectida no seu estudo, sendo, historicamente, insuficientemente desenvolvida. Non escapa a esta realidade a investigación sobre os muíños da Idade do Ferro, a pesar da súa abundancia e da grande incidencia que teñen no procesamento dos alimentos e, en consecuencia, no sistema económico/alimentario de cada grupo social. No caso concreto dos muíños da cultura castrexa, un rexistro deficiente e unha ausencia total de liñas metodolóxicas claras, leva a que sexan uns dos elementos da cultura material dos castros máis deficientemente valorados, aínda que nos últimos anos se están dando pasos importantes para a súa revalorización e contextualización.

A utilización de muíños para procesar o gran de cereais, e a súa conversión en fariña, está documentada desde o Neolítico, cun modelo denominado de vaivén ou navicular, cunha longa permanencia, incluso na cultura castrexa. A partir da segunda metade do primeiro milenio a. C. danse toda unha serie de innovacións no campo da tecnoloxía, que van repercutir de forma moi importante nos sistemas de moer, concretándose en dous sistemas distintos de levar a cabo este traballo, enraizados en dúas tradicións diferentes: o muíño rotatorio vinculado á cultura ibérica, e o de Olinto, asociado á tradición grega.

A orixe do muíño rotatorio circular hai que buscala na cultura ibérica a partir de finais dos século VI a. C., estendéndose rapidamente polo leste da Península Ibérica e sur de Francia. A partir dos séculos III-II a. C. difúndese polo resto da Península e Francia, alcanzando Sicilia e o norte de África.

A data de introdución deste muíño na cultura castrexa do NW foi durante moito tempo motivo de controversia entre os autores que se ocuparon do estudo da súa cultura material, agrupándose basicamente en dúas tendencias: os que consideran que a súa introdución neste territorio non se produce ata época romana, e os que sosteñen que no século IV a C. xa formaba parte do acervo cultural dos habitantes que poboaban esta rexión.

Recentes escavacións e a revisión das antigas intervencións poñen de manifesto que durante a segunda metade do século IV o muíño rotatorio xa está introducido en determinadas áreas do noroeste da Península Ibérica, aínda que posiblemente non se xeneralice o seu uso ata o século I a C., I d .C.; de aí a existencia das diferentes teorías. O que tamén parece evidente é que este muíño non substitúe o de vaivén, senón que conviven durante un tempo, podendo dar unha certa especialización, na que os de vaivén quedarían para moer landras, mentres os circulares estarían dedicados unicamente a cereais. Outro aspecto que parece estar relativamente claro é que a súa introdución se produce desde o sur por vía marítima, e que paulatinamente se van estendendo cara ao interior.

A xeneralización do uso deste muíño supuxo un grande avance tecnolóxico no procesamento e transformación dos alimentos, ao igualar a superficie de fricción da pedra pasiva coa superficie da peza activa, e permitir un movemento continuo nunha dirección, en contraposición ao movemento de vaivén doutros muíños. Isto lévase a cabo por medio de dúas rodas encaixadas entre si por planos inclinados e unidas mediante un eixe. A pedra superior, *catillus*, presenta unha cara cóncava que se adapta á inferior, fixa e convexa. O gran introdúcese directamente polo oco central.

En función das características dos *catilli* –sobre todo tendo en conta os diversos elementos en negativo, entalles, ou positivo, protuberancias, para suxeitar o sistema de enganche para accionar o muíño– establécense diferentes tipos, que parece ser que obedecen máis a un criterio de dispersión xeográfica que cronolóxico.



RECONSTRUCCIÓN INFOGRÁFICA

O tipo, ao que pertence a peza obxecto de estudo, non presenta ningún resto de entalle ou protuberancia que facilite o sistema de enganche para facelo xirar, polo que é de supor que o movemento rotatorio se realizaría directamente coas mans, ou servíndose dalgún outro trebello, que sen estar suxeito directamente ao *catillus* simplificase o seu desprazamento. Entre os que levan entalles, podemos diferenciar os que presentan perforacións de sección circular, unha ou dúas; neste último caso estarían enfrontadas, e os que o rebaixe ou rebaixes son de sección rectangular e disposición en sentido horizontal, vertical ou en forma de «L».

Noutros casos, en lugar de entalles levan protuberancias ou orelleiras, maioritariamente un par por cada lado, entre as que discorre unha acanaladura que serve de encaixe para soste a madeira que favorece o movemento de rotación.

As *metae* non ofrecen grandes diferenzas. Levan sempre unha perforación central circular, presentando na superficie activa pegadas da súa actividade, polo desgaste da fricción das dúas pedras, xerando unha sección cónica ou curva. As bases quedan sen traballar, deixándoas sen desbastar para axudar a fixalas ao chan.

A peza obxecto de análise documentouse na campaña de escavación realizada no ano 2003 no recinto superior do castro do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé, nunha estrutura que forma parte dun entramado arquitectónico organizado a partir dunha rúa central, rematada nun espazo aberto a modo de praza, con construcións a ambos os lados. Este tecido construtivo é o resultado dun proceso de construción e destrución nun dilatado período de tempo, no que se poden diferenciar cinco fases diferentes ata acadar

o aspecto definitivo que podemos contemplar na actualidade, coincidente cos anos centrais do século II d. C., cando esta zona do poboado é abandonada.

A estancia onde se atopou o muíño corresponde á III fase, situada ao comezo da rúa, ten unha planimetría tendente ao trapecio, articulada en dous espazos: un cara á rúa que funcionaría como «recibidor» e outro de maiores dimensións ao que se accedería desde o anterior. É precisamente no pavimento de uso desta última, onde se descubriu o muíño, asociado a outro de características semellantes xunto a unha gran cantidade de fragmentos cerámicos, que despois do proceso de restauración se concretaron en catro recipientes: dous correspondentes a vasillas piriformes de bordo cóncavo, moi usuais neste xacemento, e dúas grandes olas, unha delas co bordo facetado, que funcionarían como grandes contedores, previsiblemente de cereais. Os muíños atopáronse na súa posición orixinal, perfectamente asentados e nivelados no piso por medio de cuñas de *tegulae*. É de supor que o habitáculo descrito desempeñaría unha función especializada en relación coa moenda, xa que non só se rexistra a presenza dos muíños, senón tamén dos contedores para o gran e fariña. A presenza dun fogar na mesma habitación, delimitado por unha laxa granítica co seu correspondente pavimento, pode levar a pensar que tamén tivera lugar aquí o proceso de elaboración de pan.

Por todo isto, é necesario ter en conta nos estudos relativos a estas pezas os elementos que aparecen asociados aos muíños no interior dos poboados, pois a valoración de todo o conxunto pode axudar a entender os procesos de produción e transformación alimentaria.

Finalmente, sinalar que a microescavación dos restos compactados dentro do muíño permitiu documentar, na capa máis próxima á pedra inferior, restos correspondentes a diferentes insectos e sementes, que nestes momentos están en fase de estudo, e que poden resultar de grande interese para trazar a diversidade de prácticas domésticas e o procesado dos alimentos neste xacemento.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Xulio Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 galicia

 XUNTA DE GALICIA